

DÍA MUNDIAL DA ESTATÍSTICA (20/10/2015)

DATOS MELLORES. VIDAS MELLORES

O día 20 de outubro de 2015 celébrase o **Día Mundial da Estatística baixo o lema ‘Datos mellores. Vidas mellores’**. Neste sentido, vén destacar a función decisiva que desempeña a información estatística oficial de alta calidade para a análise e a adopción de decisións ben fundadas en apoio dun desenvolvemento sostible.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na resolución 69/282, decidiu designar o día 20 de outubro de 2015 como o segundo día Mundial da Estatística. Nesta Resolución recoñécese a longa historia das estatísticas oficiais, así como a importancia fundamental de que exista unha infraestrutura estatística sostible para producir indicadores fiables e oportunos do progreso dun país.

Para conmemorar este día, o Instituto galego de Estatística (IGE) organiza unha conferencia ese día, **ás 12:00 horas e no salón de actos da Consellería de Sanidade, en San Lázaro, s/n**; a cargo de **Rafael Frutos Vivar**, Subdirector Xeral de Presupostación e Seguimento dos ingresos Tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT). O título será **‘A vella estatística económica nos tempos do big data: a renda dos fogares na Contabilidade Nacional e outras historias exemplares’**